

REFORMA DOS ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS

Artigo 1. Definición e obxecto.

A Federación Galega de Tenis (en adiante FGT) é unha entidade privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende a territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten por obxectivo promover, practicar e, en xeral, contribuír a desenvolvemento do deporte do tenis, no que se inclúe expresamente o tenis adaptado en todas as súas modalidades, o tenis-praia, o touchtennis e o pickleball. /Está integrada polos clubs deportivos, seccións deportivas, deportistas, técnicas/os-adestradoras/es, xuíces-árbitros da devandita modalidade especificados no artigo 6.

Artigo 3. Funcións e competencias.

Son funcións da FGT as que derivan do seu propio obxecto, tal e como ven definido no artigo 1. dos presentes estatutos. A FGT exercerá as súas funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación o exercicio por ningunha substitución, sen autorización da administración deportiva.

Ademais das funcións propias do seu ámbito de actuación privada, exerce, en virtude da lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as funcións delegadas que se recollen no artigo 56.4 da devandita, actuando neste caso como axente colaborador da Administración baixo a súa tutela e coordinación.

A FGT exerce de forma específica as seguintes funcións:

- a) Promoción e desenvolvemento da práctica do tenis e das súas modalidades.
- m) Colaboración coa Administración deportiva de Galicia, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares a organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte do tenis na idade escolar, e das súas modalidades.

Artigo 4. Ámbito territorial.

A FGT é a única Federación Galega existente para a modalidade deportiva do tenis, e das modalidades que nel se inclúen (tenis adaptado, tenis-praia, touchtennis e pickleball), e polo tanto, exerce as súas competencias con carácter exclusivo no conxunto do territorio galego.

Artigo 14. A Asemblea Xeral da FGT. Composición.

A Asemblea Xeral é o órgano superior da FGT e estará integrada por un número máximo de 66 membros.

Representantes do estamento de clubs deportivos.

TOTAL 42 membros

Representantes do estamento de deportistas

TOTAL 12 membros

Representantes do estamento de técnicas/os- adestradoras/es.

TOTAL	3 membros
Representantes do estamento de xuíces-árbitros.	
TOTAL	3 membros
<u>Representantes deportistas alto nivel.</u>	
TOTAL	2 membros
<u>Representante deportista tenis-praia.</u>	
TOTAL	1 membro
<u>Representante deportista tenis adaptado.</u>	
TOTAL	1 membro
<u>Representante deportista touchtennis.</u>	
TOTAL	1 membro
<u>Representante deportista pickleball.</u>	
TOTAL	1 membro

Artigo 16. Réxime de funcionamento da Asemblea Xeral da FGT.

A Asemblea Xeral reunirse ordinariamente dúas veces ao ano para os fi n da súa competencia. Estas Asembleas terán carácter de ordinaria e será a/o Presidenta/e quen a convoque.

A convocatoria da Asemblea Xeral, con detalle de lugar e hora da súa celebración, en primeira e segunda convocatoria, e a orde do día, notificarase por correo electrónico ordinariamente ás/aos compoñentes daquela, debendo mediar un prazo mínimo de 48 horas entre o envío desta documentación e a celebración da Asemblea, e expoñerase no taboleiro de anuncios da FGT e nos locais das delegacións provinciais se os houberse con 10 días de antelación.

Actuará como Presidenta/e da Asemblea Xeral, con voz e voto, quen o sexa da FGT e como Secretario con voz e tamén voto segundo a súa condición de membro da Asemblea.

En cada asunto da orde do día, cada membro de Asemblea terá dereito a unha intervención e a unha réplica se así o solicita.

Os membros da Asemblea percibirán pola súa asistencia unha tarifa aprobada cada ano na Asemblea, así como como unha indemnización polo desprazamento ou quilometraxe que corresponda.

Os membros da comisión delegada percibirán pola súa asistencia unha tarifa aprobada cada ano na Asemblea, así como unha indemnización polo desprazamento ou quilometraxe que corresponda.

Artigo 21. Elección da Presidencia da FGT.

A / O Presidenta/e da Federación Galega de Tenis poderá como máximo ser reelixida/o en dúas ocasións, cumprindo polo tanto como máximo tres legislaturas consecutivas.

Artigo 23. A Xunta Directiva.

A Xunta Directiva da FGT é o seu órgano colexiado, e estará composta por mínimo de 5 membros e un máximo de 15, nunha proporción mínima de 60/40%, no que respecta a igualdade de xénero, e todos eles serán nomeados e revogados libremente pola Presidencia da Federación, que a presidirá.

Os membros da Xunta directiva percibirán pola asistencia as reunións unha tarifa aprobada na Asemblea de cada ano, e unha indemnización polo desprazamento ou a quilometraxe que corresponda.

Artigo 24. Os Comités.

A Xunta Directiva da FGT poderá acordar a constitución de cantos Comités sexan necesarios, preferentemente cun un mínimo de 3 membros.

As/Os Presidentas/es e demais membros dos Comités serán nomeados pola Presidencia da FGT a proposta dos colectivos correspondentes.

Os membros dos comités percibirán pola asistencia as reunións unha tarifa aprobada na Asemblea de cada ano, e unha indemnización polo desprazamento ou a quilometraxe que corresponda.

Artigo 25. A Secretaría.

d) Levar o control e fiscalización da xestión económico-administrativa e os grupos de custo ou investimentos seguintes:

a) Administración da Federación.

b) Dirección e servizos da Asemblea, Comisión delegada, Xunta directiva e Comités

c) Competicións.

d) Axudas a clubs e outras entidades.

e) Axudas para actos deportivos.

f) Construcións e outros inmovilizados.

g) Formación de deportistas e técnicas/os.

h) Deportes de elite e profesional.

i) Árbitros.

j) Órganos xurisdicionais.

Artigo 44. Procedemento.

Non se poderán impoñer sancións se non en virtude do correspondente procedemento previsto na normativa disciplinaria e seguido conforme ao que nela dispóñase.

No devandito procedemento garántese aos interesados o dereito de asistencia pola persoa que designen en audiencia previa á resolución do expediente.

Artigo 54. Órganos disciplinarios de Primeira Instancia.

1. Os órganos disciplinarios de primeira instancia son:

- Os xuíces árbitros.
- Comité de competición e
- Xuíz único de competición

1.2 Xuíz árbitros e xuíces de cadeira

O xuíz árbitro e/o xuíz de cadeira dun partido será competente para impoñer sancións por infraccións leves ás regras do xogo ou competición durante o seu desenvolvemento, actuando neste caso como órgano disciplinario da FGT.

Estas sancións poderanse impoñer "in situ" sen necesidade de ningún trámite e serán inmediatamente executivas, sen prexuízo do recurso establecido neste Capítulo. En calquera caso, as actas subscribas polos xuíces árbitros e/o xuíces de cadeira e as declaracións destes, presúmense certas, salvo erro manifesto, que se poderá acreditar por calquera dos medios admitidos en dereito.

No caso de infraccións graves ou moi graves ás regras do xogo ou competición, o xuíz árbitro e/o xuíz de cadeira poderá aplicar as sancións técnicas previstas no apartado 2. do art. 58, pero deberá dar conta inmediatamente ao órgano competente para coñecer da infracción cometida, que será o comité de competición, que abrirá o expediente se o considera oportuno e pasarllo ao xuíz único de competición, para realizar a instrución correspondente e trasladarlllo unha vez instruído con proposta de resolución o comité de competición para impoñer a sanción que proceda si o estima convinte e comunicalo o interesado.

1.3 Comité de competición

Resolverá en primeira instancia:

a) As reclamacións e incidencias que teñan lugar con motivo das competicións de carácter galego.

b) Os litixios que se susciten entre xogadores e clubs con motivo da subscripción e expedición de licenzas, que se considerará como materia disciplinaria cando se aprecie inobservancia das normas, o cal será obxecto da sanción correspondente.

c) Os litixios que cheguen a este comité que requiran da apertura dun procedemento de instrución, abriase o expediente e trasladarase ao xuíz único de competición, que procederá como o apartado 1.2

d) Estará composto dun presidente e 3 vogais, ademais de contar co apoio dunha secretaria pertencente a FGT.

ARTIGO 55. Órganos disciplinarios de segunda instancia.

Contra os acordos e resolucións ditados polos xuíces árbitro e/o xuíces de cadeira e polo comité de competición caberá interpoñer recurso ante o comité de apelación.

O comité de apelación estará composto por tres membros. As resolucións do órgano de apelación serán susceptibles de recurso ante o comité galego de disciplina deportiva.

ARTIGO 56. Designación de membros.

Todos os membros do comité de apelación que forman parte dos órganos de xustiza federativa de apelación, posuirán de maneira preferente a titulación de licenciados en dereito, e serán designados anualmente, previa resolución do Presidente da FGT.

Tratándose de órganos disciplinarios competentes para coñecer sucesivamente, das materias que lle son propias, no poderá formar parte de ambos una mesma persoa. Os membros do comité de apelación serán designados polo Presidente da FGT, o cal determinará, ademais, o que deles desempeñe a presidencia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

1. O mandato do actual Presidente, Asemblea Xeral e Comisión Delegada da Asemblea durará ata que se celebren novas eleccións no Ano Olímpico de 2026, conforme aos prazos previstos nestes estatutos.